



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/6	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	12 de febreiro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 10:13 ata as 10:30 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>		



Concello de Cangas

1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:  
«Resolución Alcaldía do 09.02.2018 (delegación de funcións de presidencia da XGL)»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 5 de febreiro de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 5 de febreiro de 2018.

### Expediente 664/2018. Solicitud de pasaxe permanente

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito presentado por "Rinoceronte Editorial SLV", no que indica que ten a entrada de garaxe na parte posterior da Avda. de Lugo, nº 15-Coiro, para o que solicita un sinal de pasaxe permanente e sinalización de liña amarela diante do portal. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

### Expediente 688/2018. Solicitud de pasaxe permanente

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito presentado por M. M. M. L., no que demanda sinal de pasaxe permanente para o garaxe sito na Avda. de Moaña, nº 30-Cangas. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



<b>Expediente 594/2018. Solicitud de pasaxe permanente</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada por A. G-B. B., na que demanda sinal de pasaxe permanente para o lugar de Pinténs, nº 73-O Hío. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.</p> <p><u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u></p>	

<b>Expediente 627/2018. Solicitud de espello</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada por N. G. F., na que demanda a instalación de espello para a saída do seu domicilio sito na Serra de Nacente, nº 8-Darbo.</p> <p>A Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Sra. G. F. o seguinte informe emitido en data 05.02.2018 pola Policía Local, que di o seguinte:</p> <p><i>"- Que ao tratase de saída dunha propiedade privada é polo tanto un interese particular.</i> <i>- Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para o resto de condutores, esta policía considera que non se debería instalar espellos públicos nestas circunstancias.</i> <i>- Por parte desta policía non existe inconveniente en conceder o autorizado, sempre e cando a instalación sexa pola conta do interesado e o solicite a quen corresponda a titularidade da vía".</i></p>	

<b>Expediente 6150/2017. Licenza urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 6150/2017.- Outorgar a M. D. V. P., con enderezo a efectos de notificacións en Outeiro, nº 1-O Igrexario-O Hío, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para cambio de estrutura de cuberta de vivenda unifamiliar en Outeiro, nº 1, O Igrexario-O Hío de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polo arquitecto F. B. P. de data setembro de 2017 e coas condicións impostas na autorización do servizo de infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 04.12.2017. Condicionado a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio co nomenamento do director de obras e de execución destas e a formalizar perante o Catastro a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a seis mil setecentos setenta e sete euros con corenta e seis céntimos (6.777,46 €).</p>	



**Expediente 166/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 166/2018.- A I. M. M., con enderezo a efectos de notificacións en Seixo-Darbo, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar en Seixo-Darbo, nº 41 de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polo arquitecta C. A. N. de data xaneiro de 2018 e coas condicións impostas na autorización da AXI de data 19.10.2017. Condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio co nomenamento do director de obras e de execución destas e formalizarse perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a vinte mil euros (20.000,00 €).

**Expediente 118/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 118/2018.- Outorgar a B. M. G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Estrada a Vilanova, nº 75-O Hío, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para rehabilitación de edificación de planta baixa (dedicada a academia de formación) primeiro e segundo andar e aproveitamento baixo cuberta sita en rúa do Hío, nº 19, segundo o proxecto redactado polo arquitecto R. M. S. S. de data 27 de decembro de 2017 e con data de visado 4 de xaneiro de 2018, condicionada a que deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de execución material ascende a cento un mil trescentos dous euros con trinta e dous céntimos (101.302,32 €).

**Expediente 7640/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7640/2017.- Outorgar a A. F. G., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 7-3º Esquerda-Moaña, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para en solo regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 198,96 m<sup>2</sup> de planta baixa, 99,68 m<sup>2</sup> de primeiro andar e 80,98 m<sup>2</sup> de terrazas e escaleiras, piscina e cerramentos no lugar de Camiño Vello de Rodeira, s/n, de conformidade ca documentación achegada elaborada polo arquitecto M. P. R. de data setembro de 2017. A licenza outorgárase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio co nomeamento do director de obras e de execución destas e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a douscentos cincuenta e catro mil douscentos sesenta e dous euros (254.262,00 €).

Acéptaselle o aval depositado en BBVA en data 07.02.2018 por importe de tres mil cento setenta e cinco euros con setenta e un céntimos (3.175,71 €), para respostar das obras de



Concello de Cangas

urbanización.

#### Expediente 6435/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6435/2017.- A M. C. C. P., con enderezo a efectos de notificacións en Souto de Arriba, nº 29B–Darbo, conceder agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para cambio de estrutura de cuberta de vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto F. B. P. de data outubro de 2017 e visto o informe favorable de Deputación emitido en data 05.10.2017. O presuposto de execución material ascende a cinco mil novecentos vinte euros (5.920,00 €). A obra autorizada non implicará cambio de volume.

#### Expediente 269/2018. Corrección de erros licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo tomado na Xunta de Goberno Local realizada en data 16.03.2016, relativo ao expediente nº 21.144, licenza nº 20.592, no que se concede licenza de obras para en Vilariño-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza URNU, construír unha vivenda de 104,23 m<sup>2</sup>., de planta baixa; 70,13 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta; 38,90 m<sup>2</sup>., de terrazas, de conformidade co proxecto do arquitecto J. B. C., visado con data 20 de decembro de 2005, debe dicir: “104,23 m<sup>2</sup>., de planta baixa; 70,13 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta; 38,90 m<sup>2</sup>., de terrazas e 37,62 m<sup>2</sup>., de garaxe”.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 269/2018.- (EXPEDIENTE Nº 21.144.- LICENZA MUNICIPAL Nº 20.592).- Conceder a R. V. G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Vereda, nº 5-Cangas, licenza de obras para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza URNU, construír unha vivenda de 104,23 m<sup>2</sup>., de planta baixa; 70,13 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta; 38,90 m<sup>2</sup>., de terrazas e 37,62 m<sup>2</sup>., de garaxe, de conformidade co proxecto do arquitecto J. B. C., visado con data 20 de decembro de 2005.

#### Expediente 1917/2017. Cambio de titularidade de licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1917/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. V., con enderezo a efectos de notificacións en Baronzás, nº 51, para cambio de titularidade da licenza de regularización e finalización de vivenda sita en Pinténs, nº 49–O Hío, que figuraba a nome de A. M. L. e que a partir desta data pasa a M. P. V.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Expediente 7740/2017. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.740/17.- Expediente de obras nº 21.914.- LICENZA Nº 21.171

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J. H. M., con enderezo en Baixada á Praia de Menduíña, nº 20-Aldán, para unha vivenda unifamiliar, no lugar de Francón-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal nº 21.171, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 17 de xaneiro de 2018 e informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 5 de febreiro de 2018.

Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**Expediente 124/2018. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 124/2018.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR ORLANDO SILVA RIOBÓ.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a O. S. R., con enderezo a efectos de notificacións na Pedreira-Gondarán, nº 27-B, para ampliación de vivenda unifamiliar sita na Pedreira-Gondarán, nº 27-B, construída ao abeiro da licenza municipal nº 1.805/2017, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal con data 31 de xaneiro de 2018.

**Expediente 6799/2017. Licenza de parcelación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6799/2017.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove J. C. A., consistente en parcelar un predio inicial sito na 1ª Travesía de Lugo, nº 2-Coiro en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico R. S. C. en data xaneiro de 2017.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, ACORDA:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por J. C. A. para parcelar o predio sito na 1ª Travesía de Lugo, nº 2-Coiro, segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico R. S. C. de data xaneiro de 2017, do cal resultan as seguintes parcelas netas; parcela 1 de 264,65 m<sup>2</sup>., sobre a que existe unha vivenda unifamiliar; a parcela 2 de 210,95 m<sup>2</sup>., sobre a que existe unha edificación adxectiva a demoler; a parcela 3 de 7,10 m<sup>2</sup>., correspondente ás superficies de cesión para ampliación do viero municipal e parcela 4 de 9,30 m<sup>2</sup>., de cesión para ampliación do viero municipal.



SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 16,40 m2. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

**Expediente 7412/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.412/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. N. P., para reparación de cerramento no lugar de Lubrei, nº 2-O Hío, de conformidade coa documentación presentada de data 23 de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a catrocentos euros (400,00 €).

**Expediente 7794/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.794/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por "IGLESIAS SALUD SLU", para reparación de aleiros e parcial de cuberta de edificación sita en rúa Méndez Núñez, nº 28-Cangas de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J. R. L., de data 19 de decembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a trescentos trinta e oito euros con cincuenta e cinco céntimos (338,55 €).

**Expediente 107/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 107/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. F. R., con enderezo a efectos de notificacións en lugar de Ourelo, nº 5-Darbo, para construción de edificación adxetiva para asador, local de almacenamento e leñera en vivenda sita en camiño As Barreiras, nº 37-Liméns-O Hío, parcela 6004, polígono 20), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico D. G. R. de data decembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a tres mil trescentos sesenta euros con dezanove céntimos (3.360,19 €).

**Expediente 261/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 261/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. G. M. e M. C. G. M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Méndez Núñez, nº 33-5ºK-Cangas, para reparación de cuberta e fachadas en edificio de vivendas sito na Avenida Montero Ríos, nº15-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto D. V. F. en data 17 de xaneiro de 2018 e documentación complementaria de data 23 de xaneiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a quince mil cento oitenta e dous euros con corenta e sete céntimos (15.182,47 €).

**Expediente 584/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 584/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. L. R. R., para pintado de fachada de edificio sito no lugar de Avda. de Ourense, nº 29-2º esq.-Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. S. C. de data 31 de xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos corenta e tres euros (243,00 euros).

**Expediente 7704/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7704/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. J. R. M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa San José, nº 80-Cangas, para acondicionamento de local para floristería sito en rúa San José, nº 80-baixo-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada pola arquitecta G. H. N. de data decembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a dez mil setenta e dous euros con corenta e sete céntimos (10.072,47 €).

**Expediente 529/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 529/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. T. P. H., para reparacións interiores en planta baixa de vivenda sito no lugar de Espiñeira, nº 46-Aldán, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. S. C. de data 30 de xuño de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil catrocentos sesenta e nove euros con noventa e catro céntimos (3.469,94 €).

**Expediente 7400/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento





Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 7.400/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. M. P. L., para pintado de fachada en edificio sito en rúa Ferrol, nº 2-Cangas, de conformidade coa documentación presentada de data 23 de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos sesenta e sete euros (2.467,00 €).

**Expediente 7378/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7378/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Zaragoza, nº31, 4º-A-Vigo, para cerramento lateral de parcela sita en Camiño dos Carballos, s/n-Pinténs-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 22.11.2017. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos cincuenta euros con noventa e tres céntimos (650,93 €).

**Expediente 7345/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.345/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. C. L., para elevar portal sito no lugar de Insua, nº 17-O Hío, de conformidade coa documentación presentada de data 21 e 23 de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos cincuenta euros (950,00 €).

**Expediente 7849/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7849/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PEREIRIÑA, con enderezo a efectos de notificacións no Espírito Santo, nº 52-Ático A-Cangas, para conservación e mantemento de acabados de fachadas en recercados de pedra en edificio de vivendas sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. R. F. de data decembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a trece mil seiscentos vinte euros con quince céntimos (13.620,15 €).

**Expediente 7507/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7507/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS INDALECIO, con enderezo a efectos de notificacións na

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Avda. de Vigo, nº 83-Cangas, para reparación puntual de cuberta de edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data novembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a mil novecentos euros (1.900,00 €).

**Expediente 7433/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.433/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por T. Á. G., para obras de reforma interior en vivenda sita de Aldea de Arriba, nº 3-2º-Coiro, de conformidade coa documentación presentada, de data 24 de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil cento setenta e catro euros con setenta e cinco céntimos (6.174,75 €).

**Expediente 109/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 109/18.- Dase conta da comunicación previa presentada pola COMUNIDADE PROPIETARIOS REDONDELA 8, para pintado de fachadas en edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada, polo arquitecto técnico R. S. C. de data 16 de setembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a mil seiscentos noventa e cinco euros (1.695,00 €).

**Expediente 5397/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5397/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. M. R., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Boisaca–Compostelana de Gas, nº 1-Santiago de Compostela, para cerramento perimetral de predio sito en rúa Chamiceira, nº 58 de conformidade coa documentación presentada en data agosto de 2017. O presuposto de execución material ascende a catro mil oitocentos sesenta e dous euros con tres céntimos (4.862,03 €).

**Expediente 7538/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.538/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE VECIÑOS EDIFICIO PASEO MARÍTIMO 10, para obras de mantemento

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

das fachadas dun edificio de vivendas sito no lugar de Paseo Marítimo, nº 6-Cangas de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta M. T. F. I., de data de novembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a doce mil cincocentos trinta e dous euros con setenta e seis céntimos (12.532,76 €).

**Expediente 7208/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7208/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. R. S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Valetín Losada, 9, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo de bisutería e complementos no local sito na rúa Valentín Losada, nº 9, que ata agora rexentaba M. R. C., vista a acta de apertura favorable asinada pola arquitecta municipal de data 19 de xaneiro de 2018.

**Expediente 1351/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1351/2017.- Declarar a finalización e arquivo do expediente de comunicación previa para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo sito na Avda. de Bueu, nº 30-baixo esquerda, a pedimento da interesada, visto o escrito de data 6 de febreiro de 2018 presentado por ela e visto o informe do inspector de taxas de 1 de febreiro de 2018, que sinala que o local está pechado e sen actividade.

**Expediente 4627/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4627/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. C. M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Ourense, nº 10, para a actividade de tenda de vídeo e fotografía dixital, sita no local situado na Avda. de Ourense, nº 10-baixo, vista a acta de inspección favorable do arquitecto municipal de data 31 de xaneiro de 2018.

**Expediente 6325/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6325/2017.- Declarar a finalización do procedemento e o arquivo do expediente de comunicación previa de actividade para centro de masaxes e terapias manuais en Baixada Ximeu a Verín, nº 15, tramitado a instancia de J. C. P., con enderezo en Baixada

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Ximeu a Verín, nº 15, a pedimento do interesado, visto o seu escrito de data 6 de febreiro de 2018 e unha vez comprobado polo inspector de taxas que o local está pechado e carece de actividade.

**Expediente 5033/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5033/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "TERRIER CB", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Noria, nº 2-baixo, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo de roupa en rúa Noria, nº 2-baixo, que ata agora rexentaba F. J. P. S., segundo o informe favorable do arquitecto de data 19 de xaneiro de 2018.

**Expediente 512/2017. Infracción urbanística (Expte. nº 34/2016)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 27 de outubro do 2017 de M. C. R. F., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 512/2017-34/2016.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M. C. R. F. por ter realizado no lugar de Miranda-Coiro, as obras dun cerramento, visto o xustificante de pagamento da sanción imposta de data 27 de outubro de 2017, de M. C. R. F., incorporado ao expediente.

**Expediente 184/2017. Infracción urbanística (Expte. 34/2015)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 5 de xaneiro do 2018 de Á. D. A., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 184/2017-34/2015.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina

**Concello de Cangas**



urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a Á. D. A. por ter realizado no lugar de Vilanova-O Hío, as obras dun muro de contención, visto o xustificante de pagamento da sanción imposta de data 5 de xaneiro do 2018 de Á. D. A., obrante no expediente.

**Expediente 437/2017. Infracción urbanística (Expte. nº 5-2017)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Resultando que no lugar do Espírito Santo-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución se realizaron obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar a urbanización de finca, pista deportiva e caseta.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: M. C. C. J., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente sancionador a M. C. C. J., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución: realizar a urbanización de finca, pista deportiva e caseta no lugar do Espírito Santo sen licenza de obras.

**SEGUNDO.-** Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector



público.

**TERCEIRO.-** O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

**CUARTO.-** Indicar á interesada o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

**QUINTO.-** Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de **QUINCE DÍAS** para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valer, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**.

**SEXTO.-** Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

**SÉTIMO.-** Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

**Expediente 5900/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución das seguintes fianzas depositadas pola empresa "Sociedad Española de Montajes Industriales SA" ( SEMI SA), con CIF núm. A-28018083:  
- Licenza nº 23.978, por importe de trescentos euros (300,00 €) na data de 22 de setembro de 2014.  
- Licenza nº 24.480, por importe de trescentos euros (300,00 €) na data de 19 de outubro de 2015.  
- Licenza nº 24.023, por importe de trescentos trinta e oito euros con vinte e dous céntimos (338,22 €) na data de 22 de setembro de 2014.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

**Expediente 5901/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



Primeiro.- Recoñecer a devolución dos seguintes avais depositados pola empresa "Sociedad Española de Montajes Industriales SA" (SEMI SA):

- Licenza nº 24.278, por importe de catro mil cento setenta e dous euros con sesenta e oito céntimos (4.172,68 €), perante o Banco Popular.
- Licenza nº 24.302, por importe de mil vinte e dous euros con sesenta e nove céntimos (1.022,69 €) perante o Banco Popular.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

**Expediente 7240/2017.- Aprobación da conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio para programas de atención e protección da saúde-2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía, referente a aprobación da conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio para programas de atención e protección da saúde-2017, que é como segue:

*"En relación á axuda concedida ao Concello de Cangas mediante o convenio de colaboración asinado o 7 de novembro de 2017 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, unha subvención por importe total de douscentos trece mil cincocentos vinte e nove euros con cincuenta e un céntimos (213.529,51 €).*

*Vista a documentación que consta no expediente e en especial a certificación do interventor municipal, propoño á Xunta de Goberno Local:*

Primeiro.- *Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 7 de novembro de 2017 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017, polo importe total de trescentos vinte e dous mil novecentos vinte e nove euros con dez céntimos (322.929,10 €), dos que un total de trescentos dezasete mil cincocentos vinte e oito euros con trinta e tres céntimos (317.528,33 €), corresponden a gastos de persoal (salario bruto e Seguridade Social) e cinco mil catrocentos euros con setenta e sete céntimos (5.400,77 €), a gastos de normal funcionamento da UAD-CANGAS, que todos os gastos que se xustifican e se relacionan a continuación, están contabilizados e pagados:*

Nome	Remuneración	S. Social	Total
------	--------------	-----------	-------



F. V., A.	37.743,37	11.735,11	49.478,48
C. B., B.	33.182,59	10.364,15	43.546,74
P. F. M.	37.260,35	11.978,24	49.238,59
A. S-M, E.	40.785,83	12.479,85	53.265,68
T. G., M. E.	35.642,44	10.896,92	46.539,36
G. M., M.	24.725,81	7.315,22	32.041,03
C. C., M.	24.983,06	7.394,07	32.377,13
LIMPIADOR	8.272,53	2.768,79	11.041,32
TOTAL	242.595,98	74.932,35	317.528,33
Gastos farmacéuticos, incluída metadona			1.804,97
Gastos de oficina			72,05
Servizos de luz e teléfono			3.523,75
Suma total			322.929,10

*Que a diferenza entre o gasto subvencionado pola Consellería, douscentos trece mil cincocentos vinte e nove euros con cincuenta e un céntimos (213.529,51 €) e o efectivamente contabilizado e pagado no desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos no ano 2017, foi financiado con fondos propios do Concello de Cangas na cantidade de cento nove mil trescentos noventa e nove euros con cincuenta e nove céntimos (109.399,59 €).*

*Que os datos consignados son certos e que na contabilidade do concello están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.*

*Que este Concello deu cumprimento á finalidade de dita subvención, desenvolver os programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos no ano 2017.*

*Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través deste convenio, douscentos trece mil cincocentos vinte e nove euros con cincuenta e un céntimos (213.529,51 €).*

*Que os conceptos e importes incluídos no presente documento non se utilizaron como xustificantes en ningunha outra subvención de ningunha entidade pública ou privada, nin da Xunta de Galicia.*

*Facer constar que en data do 15.01.2018 lle foi adiantada a cantidade de cento corenta mil catrocentos oitenta e seis euros con sete céntimos (140.486,07 €), en concepto de*





Concello de Cangas

*anticipo da axuda do convenio que se xustifica".*

#### **Expediente 697/2018. Prestación do Servizo de Axuda no Fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* MODIFICAR a proposta de concesión do SAF a J.M.R, con expediente nº 36008/02/00091-60167 e de acordo cos seguintes detalles:

Quenda: Prestación do servizo a través do *Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia* (actualmente é beneficiario do servizo a través da quenda de libre concorrencia (30h/mes).

Intensidade: 32 horas mensuais, sendo o máximo de horas actualmente dispoñibles a través do sistema de dependencia. No momento que exista maior dispoñibilidade de horas de prestación do servizo, procederase a ampliálo na totalidade das 70 horas mensuais aprobadas no seu Programa de Atención Individualizada.

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e oito euros con cincuenta e oito céntimos (58,88 € /mes).

Custo do servizo total: trescentos oitenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (387,52 €) (doce euros con once céntimos (12'11€/hora)).

Data de efectos da modificación do SAF: a partir do 13 de febreiro de 2018.

#### **Expediente 5450/2017. Dación de conta de sentenza xudicial**

**Favorable**

**Tipo**

**de**

**votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da sentenza do xulgado contencioso Administrativo, nº 2 no PA nº 189/2017, dos seguintes datos:

1.- PA 189/2017.- SENTENZA Nº 13/2018 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2.

- A persoa recorrente: V. M. P.

- Contido: estímase o recurso contencioso-administrativo presentado pola letrada M. J. Á. O., en representación de Á. V. M. P., contra a inexecución de acto firme do Concello de Cangas, consistente en resolución de 12 de setembro de 2012, na que se ordenou a demolición das obras executadas por Carmen Rial Fernández no lugar de Fonte Pesada, nº 4C-Darbo, consistentes en cerramento de contención e caseta arrimada a lindeiro. A sentenza declara que

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

a inactividade administrativa impugnada non é conforme a Dereito, debendo condenarse ó Concello de Cangas a que cumpra, total e inmediatamente, o acordado a resolución de 12 de setembro de 2012, en relación á demolición das obras a que se refire esta.

As custas impoñense á administración demandada.

Contra esta cabe interpoñer recurso de apelación.

#### **Expediente 3744/2017. PO 46/2015. Dación de conta de sentenza xudicial**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos da sentenza nº 139/2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de GALICIA:

PO 46/2015.- SENTENZA Nº 139/2017 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.- RECURSO DE APELACIÓN Nº 4374/2016

- A persoa recorrente: A. F. V.

- Contido: DESESTIMAR o recurso de apelación interposto en nome e representación de A. F. V. contra sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento PO 46/2015 (*Sentenza nº 96/2016 na que estima parcialmente o recurso contencioso administrativo seguido en este xulgado como PO 46/2015 a instancia de A. F. V. fronte ao Concello de Cangas contra a resolución de 20.11.2014 da súa Alcaldía desestimatoria do recurso formulado contra a de 06.02.2013 ditada no expediente de reposición da legalidade urbanística seguido co nº 34/2012, pola que se declara ilegalizables e se ordena a demolición dunhas obras executadas nunha finca situada no lugar de Menguíña, que se declara non conforme a Dereito nos termos contidos no FJ 2º desta sentenza, con condena á administración demandada a deixar sen efecto esa resolución e, con retroacción do procedemento, a ditar nova resolución pola que se lle ofrezca ao promotor das obras, o aquí demandante, un prazo para formular solicitude de legalización nos termos do art. 209.3º LOUGA. Todo iso sen condena de custas. Sentenza non firme na que cabe interpoñer recurso de apelación).*

- Imposición de custas do recurso de apelación a quen o interpuxo.

#### **Expediente C-17/13\_\_4874/2017.- Proposta de adxudicación definitiva do contrato administrativo de obra "Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentiment  
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía referente a adxudicación definitiva do contrato administrativo de obra "Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez", que é como segue:

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'CONSTRUCCIONES VALE SL', por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 2018-E-RC-1480 do día 08.02.2018) a documentación requirida relativa á declaración responsable de vixencia e non variación na inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade autónoma de Galicia, xustificante de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social, xustificante do pago dos gastos do anuncio de licitación (cento trinta e seis euros con corenta céntimos (136,40 €)), e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de seis mil douscentos setenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (6.272,85 €) mediante aval de sociedade de garantía recíproca.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'CONSTRUCCIONES VALE SL', o contrato administrativo de obra 'Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez', por importe de cento cincuenta e un mil oitocentos dous euros con noventa céntimos (151.802,90 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:

\* Melloras ofertadas:

BLOQUE 1 pavimentación rúa:

- 229 m<sup>2</sup> de pintura para pistas filtrantes porosas (formigón ou asfálticas).
- 1.618 m<sup>2</sup> de fresado de pavimento bituminoso ou formigón.
- 343 m<sup>2</sup> de pavimento MBC tipo D-12 6 cm.
- 5.710 ml de marca viaria 10 cm.
- 30 uds de recalce de tapas de rexistro co dados de formigón.

BLOQUE 2 mobiliario urbano

- 14 ml de banco de pedra E=0,20.
- 10 uds de xardineira de pedra país 65x65 cm x 0,55.

BLOQUE 3 pavimentación beirarrúa

- 124 m<sup>2</sup> de pavimento adoquinado hor e=6 hor color.



- 321 ml de bordillo de formigón recto 12x25 cm.

BLOQUE 4 electricidade

- o 1 ud de farola luminaria + brazo.
- o 131 ml canalización alumeado 2 PVC 90.

*Prazo de execución da obra: 19 días naturais.*

*Ampliación do prazo de garantía en 60 meses a maiores dos 12 meses que constan no proxecto, polo que esta obra ten un prazo total de garantía de 72 meses.*

Segundo.- *Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532/61904 do vixente orzamento municipal.*

Terceiro.- *Notificar a 'CONSTRUCCIONES VALE SL', a adxudicación do contrato e citar á súa representante para a sinatura deste.*

Cuarto.- *Nomear responsable do contrato á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.*

Quinto.- *Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.*

Sexto.- *Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante e o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

Sétimo.- *Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.*

Oitavo.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como á responsable do contrato".*

**Expediente 193/2018. Solicitude de subvención para a obra de “Recuperación do hábitat natural do contorno da Praia de Melide” (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da concelleira de Medio Ambiente e Turismo referente a solicitude de subvención para a obra de “Recuperación do hábitat natural do contorno da Praia de Melide”, que é como segue:

**"ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** *Con data 15 de xaneiro do 2018, a Xunta publicou no DOG a seguinte convocatoria de subvencións:*

*- ORDE do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a*



*convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa dedesenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.*

*Considerando que esta sería unha ocasión óptima para poder presentar un proxecto de recuperación do hábitat natural e de prevención de riscos na extensión de terreos do termo municipal que forman parte da Rede Natura 2000. Este hábitat (no contorno concreto de Melide) atópase en fase de deterioro, tanto pola masiva presenza de flora invasora como pola falta evidente de xestión forestal. A modo de exemplo quero indicar que existen cerca de 2000 metros cadrados de extensión que contan con eucaliptos, pinos e 'funcho da Pampa', que amosan deficiencia na súa suxección ao substrato terrestre (no caso das árbores invasoras) e estrangulamento e desaparición de flora rasteira alóctona para invasión de 'funcho da Pampa', que poden ocasionar situación de perigo, tanto por caída de árbores como por modificación de escorrentías, se non se actúa sobre estes antes do verán.*

*Remitido o proxecto en cuestión ao Servizo de Conservación da Natureza e comunicado tamén ao presidente da Comunidade de Montes do Hío, agardo neste momento pola resposta positiva destes.*

*Ante a necesidade manifesta desde o Departamento de Secretaría-Subvencións de presentar a aprobación esta solicitude na vindeira reunión de Xunta de Goberno redacto a presente:*

#### **SOLICITUDE**

*A Concelleira de Medio Ambiente e Turismo solicita á Xunta de Goberno:*

*PRIMEIRO.- Que consideren conveniente para o Concello de Cangas presentar a esta convocatoria de axudas o proxecto 'Recuperación do hábitat natural do contorno da Praia de Melide', e optar así á subvención indicada na orde, correspondente a vinte mil euros (20.000,00 €) ao 100%, sendo que o Concello de Cangas terá que facerse cargo do IVE, polo que se ten que comprometer a aportar un máximo de catro mil douscentos euros (4 200,00 €)".*

#### **Expediente 291/2018. Solicitude de subvención á Axencia Turismo de Galicia para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas-2018 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía referente a solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas-2018, que é como segue:

**"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS-2018**

*Publicada a Resolución do 04.01.2018 da Axencia Turismo Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas para o 2018.*



Reunindo o Concello as condicións que na orde se especifican e vistas as necesidades municipais de mellora da potenciación do turismo, redáctase polos servizos técnicos municipais proxecto denominado 'ACONDICIONAMENTO DO TERREO NO IGREXARIO-O HÍO-CANGAS', polo importe total de corenta e cinco mil seiscentos dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (45.616,25 €).

*Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:*

Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Resolución do 4 de xaneiro de 2018 da Axencia Turismo Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de conorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas para o ano 2018, unha axuda polo importe de trinta e oito mil setecentos setenta e tres euros con doce céntimos (38.773,12 €), para a execución do proxecto denominado 'ACONDICIONAMENTO DO TERREO NO IGREXARIO-O HÍO-CANGAS', cun orzamento total de corenta e cinco mil seiscentos dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (45.616,25 €), incluído o IVE e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución.

Segundo.- Certificar que con data do 19 de xaneiro de 2018, este Concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2016 ao Consello de Contas de Galicia.

Terceiro.- Declarar que para a actuación que se solicita a axuda, o Concello de Cangas, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Certificar que as obras para as que se solicita axuda non están iniciadas antes do 1 de xaneiro de 2018".

**Expediente 236/2018. Solicitud de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora da Biblioteca do Centro Cultural de Coiro (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Servizos, referente a solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora da Biblioteca do Centro Cultural de Coiro, que di o seguinte:

*"Solicitud de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora da Biblioteca do Centro Cultural de Coiro.*

*Publicada a Orde do 5 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de conorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica e propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, para o ano 2018.*

*Redactada a memoria das actividades culturais da biblioteca dos dous últimos anos 2016 e 2017.*



**Concello de Cangas**

*Cumplindo os requisitos que se especifican na orde, redáctase polos servizos técnicos municipais, documento técnico para a mellora da Biblioteca do Centro Cultural de Coiro, cun importe total do orzamento de trinta e dous mil novecentos euros (32.900,00 €).*

*Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha axuda polo importe de vinte e nove mil seiscientos dez euros (29.610,00 €), para a execución das obras de 'MELLORA DA BIBLIOTECA DO CENTRO CULTURAL DE COIRO', cun orzamento total de trinta e dous mil novecentos euros (32.900,00 €), aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos que se especifican na orde citada.*

*Segundo.- Certificar que a Conta Xeral do Concello de Cangas do exercicio 2016 foi rendida perante o Consello de Contas de Galicia en data do 19.01.2018.*

*Terceiro.- Certificar que o local da Biblioteca do Centro Cultura de Coiro, ten unha cesión por 35 anos ao Concello de Cangas, cesión asinada o 1 de agosto de 2001, mediante convenio de colaboración do Concello de Cangas e o cura párroco da Igrexa parroquial Divino Salvador de Coiro".*

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850